

PROGRAMACIÓN ABRIL 2018

Sábado 7 de abril ás 18:00 no Salón Teatro de Lalín



**VI FESTIVAL
CORAL
DE LALÍN**

SÁBADO, 7 DE ABRIL DE 2018, ÁS 18:00, NO SALÓN TEATRO

**CORAL POLIFÓNICA DE SANTISO (A CORUÑA)
CORAL POLIFÓNICA DE BELUSO DE BUEU (PONTEVEDRA)
CORAL SOLERA BERCIANA DE PONFERRADA (LEÓN)
CORAL POLIFÓNICA DE LALÍN**

    **DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA | pontegai**

Sábado 14 e domingo 15 de abril no Salón Teatro de Lalín



O único evento internacional de danza en Galicia, con escolas e grupos de danza de España, Portugal e Brasil.

Sábado 14 de abril

Máster class gratis para inscritos y workshops

Competición individual a quintetos. Todos os estilos e categorías

Competición todos os estilos categoría Kids.

Domingo 15 de abril

Máster class gratis para inscritos/as e workshops.

Competición todos os estilos categorías Teens y Majors

Venres 20 de abril ás 21:30 no Salón Teatro de Lalín

bágoa producciones teatrales



“CALÍGULA DEBE MORIR”

interpretación

Xoel Fernández

dramaturxia e dirección

Mabel del Pozo

dirección artística

Marta González

SOBRE LA OBRA

“Eu existo dende o principio do mundo e durará a miña existencia ata que caia a última estrela da noite. Aínda que tomei a forma humana de Caio, chamado Calígula, non son ningún home e, á vez, son todos os homes... Porque son un Deus”

(Película “Calígula”. Tinto Brass. 1979)

Pero pese a tal divina autoproclamación, tamén morreu.

Sen dúbida ningunha, Caio Xulio César Augusto Xermánico instalouse no imaxinario colectivo como o símbolo máximo da megalomanía.

O historiador comeza presentándonos un Calígula intelixente e cultivado, que chegou ao poder no medio do clamor popular e iniciou o seu reinado cun comportamento exemplar...

O que segue é unha serie de historias e descrições crúas e ás veces repugnantes, sobre os hábitos e accións do Calígula monstro... Demente, cruel, depravado, tiránico...

E si, interésame o monstro... Interésame indagar no poder da orxía e na orxía do poder...

“Os homes morren e non son felixes”, dirá Calígula lucidamente baixo a pluma de Camus, sen dúbida ningunha, un dos máximos referentes de inspiración da nosa obra.

Calígula encherase de odio cara aos deuses e cara ao mundo. A partir dese momento dous serán os seus obxectivos fundamentais: descargar a súa dor e despertar os homes da súa ignorancia. Para cumprilos converterase a si mesmo en Deus e propagará a súa verdade sen ter en conta as consecuencias das súas accións desmedidas.

Pero o certo é que Calígula, créndose un Deus, despreocúpase da súa propia morte, converténdose así nun suicida...

“Pero se en realidade o seu desexo é rebelarse contra o destino, o seu erro reside en negar o que o une á humanidade. Un non pode destruír todo sen destruírse a si mesmo”.

(*Calígula*. Albert Camus. Prólogo. 1961)

Nota de dramaturxia e dirección: *Mabel del Pozo*



Xoel Fernández

xoelfernandez@gmail.com

685 71 46 11

Ademais de iniciar os seus estudos con Juan Codina, Luis Luque, Will Keen, Alfredo Sanzol ou Andrés Lima entre outros, o eixo central da súa formación actoral é con Fernando Piernas, con quen se forma e adestra dende 2006 ata a actualidade.

Dentro do sector teatral participou en varias montaxes dirixidas por Jorge Sánchez, da compañía LA CANTERA Exploraciones Teatrales, como “OCUPA MADRID” (2004) e “CANDIDATOS” (2005), e é precisamente coa mesma compañía e director onde chega o seu gran proxecto teatral ata o momento con “FAMÉLICA” de Juan Mayorga.

Esta montaxe estreouse en maio de 2015, e aínda hoxe segue programado no Teatro del Barrio xa na súa 4ª temporada, ademais de ter xirado practicamente por todo o país.

Tamén participou na montaxe de “ASAD EN EL JARDÍN DE LAS MUJERES” dirixida por *Áurea Martínez* e colaborou n’ “A VOZ EN CUELLO” de Sergio Peris- Mencheta.

Con ampla experiencia en televisión desde 2005, traballou en case una vintena de series entre as que se atopan “FARIÑA” (Antena3), “6 HERMANAS” (TVE1), “GRUPO 2 HOMICIDIOS” (CUATRO)...

En cine co-protagonizou “LA CUEVA” de Alfredo Montero (Morena Films), e formou parte do reparto de MATAHARIS de Itziar Bollaín (LA IGUANA PRODUCCIONES) o “CAMARÓN” de Jaime Chávarri (MONORIA FILMS).

No campo da produción levou adiante proxectos audiovisuais como “131”, e foi produtor executivo da película “UN LUGAR PARA LAS BUTTER COOKIES” producida por ZONA 6.

En teatro é co-productor da antes citada “FAMÉLICA” de Juan Mayorga.

Entrada 10 euros

Sábado 21 de abril no Salón Teatro de Lalín

Mañá de 12:00 a 13:30 h

Tarde de 19:30 a 21:00 h



77 Q DANZA

DANCESHOW-18

Coreógrafas:

Marta Maceira

Yolanda Ogando

Este ano pola gran afluencia de alumnado dividimos o evento en dúas partes; unha será ás 12:00h. da mañá e constará da exhibición de 14 dos nosos grupos de danza e outro ás 19:30h. da tarde contando coa exhibición de 15 dos nosos grupos.

Un evento para todos os públicos onde poderemos desfrutar dunha serie de coreografías que a Asociación Máis que Danza preparou durante o curso 2017/18. As dúas actuacións terán grupos mesturados de distintas idades.

Este ano o espectáculo non terá unha temática concreta, faranse todas as coreografías preparadas durante o curso e tamén as que se prepararon para concursos funcionando así como mostra de danza.

2 euros (sorteo de agasallos)

Venres 27 de abril ás 21:30 no Salón Teatro de Lalín

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Talía Teatro

O SERVIDOR DE DOUS AMOS



Autor
Carlo Goldoni

Versión e dirección
Diego Rey

Elenco artístico

Xurxo Barcala

Toño Casais

Marta Lado

María Ordóñez

Diego Rey

Marta Ríos

Artur Trillo

Dani Trillo

Texto promocional

Talía teatro presenta unha revisión do clásico *O servidor de dous amos*, un dos textos inmortais da historia do teatro. Convertido no referente por excelencia da *Commedia dell'Arte*, atoparedes aquí unha reinvencción da obra de Goldoni que respecta o ritmo, a comedia e o humor da peza orixinal, pero que busca tamén incorporar novas formas de teatralidade. No noso atrevemento non facemos outra cousa que intentar respectar o verdadeiro espírito da *Commedia dell'Arte*, do teatro renacentista italiano: a procura da innovación polo uso de todas as novidades escénicas posibles, a persecución do “espectáculo total”, unha obra que sexa capaz de deixar abraiado a todo o público presente.

Así como a *Commedia dell'Arte* creaba unha paisaxe cómica e irreverente da sociedade italiana do momento, esta versión trata de construír un xoguete escénico onde os contratos matrimoniais son substituídos por contratos de construción, onde nobres e mandatarios son substituídos por empresarios e políticos, onde a vida mesma da nosa sociedade é retratada con irreverencia e descaro, buscando un espectáculo trepidante e deslenguado, tan mordaz como divertido.

Oito intérpretes desenvolverán en escena un espectáculo de gran formato onde todo será posible, onde a mentira e a confusión serán a base do xogo, onde os distintos espazos mudarán á vista do espectador, onde riremos de todo e de todos, ata de nós mesmos.

Entrada 5 euros – estudantes 3 euros

Sábado 28 de abril ás 18,30 no Salón Teatro de Lalín

DIA INTERNACIONAL DA DANZA



Scene Ballet

Dirección:

Graciela Míguez Sandoval

Titulada en Danza Clásica e Española polo Conservatorio de Música e Danza Beethoven de Bos Aires.

A Escola Municipal de Ballet de Lalín Scene Ballet, ofrece no Salón Teatro unha representación de danza co motivo do Día Internacional da Danza, na que participarán máis de 150 bailarís de distintas escolas con diversos estilos de Danza, entre elas Clásica, Jazz, Modern e Contemporáneo.

A Escola naceu no ano 2003 coa creación da Escola Municipal de Danza Clásica coa finalidade de dar á xuventude un espazo donde desenrrolar a súa vea creativa e solidaria. Nela ofrécese ao alumnado a oportunidade de estudar esta disciplina a nivel amateur (metodoloxía francesa), promover a educación e cultura do ballet como factor de desenvolvemento social e priorizar a realización

de proxectos educativos e artísticos a diferentes niveis dende diferentes plataformas municipais.

Na actualidade conta con máis de 150 alumnos/as, 65 deles matriculados na Escola de Lalín.